



## ANEXO I

### SOLICITUDE PARA O APOIO ÁS ACTIVIDADES DE DEMOSTRACIÓN E INFORMACIÓN QUE SE VAN DESENVOLVER NA ANUALIDADE 2020

Nº DE PROTOCOLO <sup>1</sup>	
------------------------------	--

<b>1.- TÍTULO DA ACTIVIDADE</b>
Efecto da raza nos parámetros de crecemento de poldros criados nun sistema en base a pasto.

<b>2.- TIPO DE ACTIVIDADE<sup>2</sup></b>
Campo de ensaio

<b>3.- UNIDADE ORGANIZADORA DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL</b>		
Unidade: Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo		
Enderezo: Estrada Betanzos-Santiago km 7		
C. Postal: 15318	Concello: Abegondo	Provincia: A Coruña
Nome e apelidos do/a responsable da unidade organizadora: Manuel López Luaces		
Cargo: director do CIAM	Tfno.:881881801	Correo_e: manuel.lopez.luaces@xunta.gal
Nome e apelidos do/a coordinador/a: Santiago Crecente Campo		
Posto de traballo: Xefe de Sec. De Investigación III	Tfno.:881881817	Correo_e: santiago.crecente.campo@xunta.gal

<b>4.- UNIDADES PARTICIPANTES DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL</b>		
Unidade: Oficina Agraria Comarcal de As Pontes de García Rodríguez		
Enderezo: Rúa Pontedeume, 12-baixo		
C. Postal: 15320	Concello: As Pontes	Provincia: A Coruña
Nome e apelidos do/a responsable da unidade: Alejandro Martínez Vérez		
Cargo: Xefe de Sección	Tfno.: 881930029	Correo_e: oac.seca.aspontesdegarciaRodriguez@xunta.es

<b>5.- UNIDADES OU ENTIDADES PARTICIPANTES (que non sexan da Consellería do Medio Rural)</b>		
Unidade ou entidade:		
Enderezo:		
C. Postal:	Concello:	Provincia:
Nome e apelidos do/a responsable da unidade ou entidade:		
Cargo:	Tfno.:	Correo_e:

<b>6.- CENTRO DE INVESTIGACIÓN OU CENTRO TECNOLÓXICO<sup>3</sup></b>		
Centro:		
Enderezo:		
C. Postal:	Concello:	Provincia:
Nome e apelidos do/a responsable da entidade:		
Cargo:	Tfno.:	Correo_e:

<sup>1</sup> A encher polo Departamento de Investigación e Transferencia da Agacal.

<sup>2</sup> Xornadas técnicas, xornadas de portas abertas, congresos, conferencias, seminarios, talleres de prácticas, viaxes, material divulgativo, campos de ensaio, campos de demostración.

<sup>3</sup> Só no caso dos campos de ensaio, nos que é imprescindible asesor científico.



## 7.- ANTECEDENTES E XUSTIFICACIÓN

O equino é un dos sectores gandeiros historicamente máis importantes de Galicia. Os avances tecnolóxicos provocaron unha regresión desta produción pola súa substitución como ferramenta de traballo. A pesares da evolución histórica, este gando mantén un destacado papel, polo censo elevado e o aproveitamento dos recursos naturais.

Ó longo do tempo, estableceuse en Galicia un sistema de explotación en extensivo, cunha raza autóctona de cabalo, empregada como elemento de limpeza e aproveitamento do monte. O cabalo de Pura Raza Galega (PRG) habita os montes galegos dende tempos inmemoriais, pois existe evidencia en petroglifos onde se observan actividades parecidas ós actuais curros. A introdución posterior de sementais de máis corpulencia deu lugar a unha poboación de cabalos cruzados, de maior peso e menor rusticidade. Na actualidade, algúns gandeiros optan pola utilización de razas seleccionadas pola súa aptitude cárnica, como a raza Hispano-Bretón.

Na actualidade, estes sistemas desenvólvense principalmente na base territorial dos montes xestionados polas comunidades de montes veciñais en man común, que representan un terzo da superficie forestal galega.

O fomento desta produción é estratéxico, por unha banda, pola xeración de riqueza no rural, debida ao aproveitamento sustentábel dos recursos naturais polas greas, o que permite contribuír a fixar poboación en zonas desfavorecidas e axudar ao desenvolvemento rural. E doutra banda, este tipo de aproveitamento silvopastoral contribúe á diminución da probabilidade e gravidade dos incendios forestais, pola incidencia no control da acumulación de biomasa nos montes.

A compatibilización da cría de équidos cos aproveitamentos forestais, para incrementar a rendibilidade das explotacións, vai unido co estudo dos sistemas de manexo máis eficientes deste gando no monte orientándoos á produción cárnica.

Na optimización destes sistemas é necesario proporcionarlle información ós gandeiros para que sexan conscientes do potencial de cada tipo de raza.

Aínda que a carne equina está nun nicho minoritario de mercado, caracterízase por presentar cualidades nutricionais superiores a outras carnes, principalmente polo baixo contido en graxa e colesterol, elevadas cantidades ácidos graxos esenciais (omega-3 e 6) e elevado contido vit-B, o que está en concordancia coas recomendacións dietéticas dos alimentos. Ademais, o feito de explotar o gando ao aire libre, alimentándose do pasto, permitirá introducir con facilidade este tipo de carne dentro da agricultura ecolóxica.

**Actualmente as publicacións referidas ó gando equino son moi escasas. O Centro de Investigacións Agrarias ten desenvolvido na finca Marco da Curra, situada no concello de Monfero, diversas experiencias relacionadas coa produción de equino. Neste caso, preténdese levar un campo de ensaio para caracterizar os parámetros de crecemento de poldros, sacrificados a 7 e 18 meses de idade, en función do tipo de raza á que pertencen.**

## 8.- OBXECTIVOS

- Caracterizar o crecemento de poldros das razas PRG, cruzados e Hispano-Bretón sacrificados con 7 e 18 meses de idade.
- Medir parámetros reprodutivos.
- Determinar as características do canal





## 9.- METODOLOXÍA EMPREGADA NO DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

### 9.1.- Localización

Finca Marco da Curra – Alto Xestoso (Monfero)

### 9.2.- Planificación da actividade (se é o caso, programa). No caso de campos de demostración ou dos campos de ensaio descrición de todas as fases. (xuntar croquis e deseño das parcelas)

O inicio do ensaio terá lugar na primavera, momento no cal empezan de forma natural os partos das bestas. A partir de aí, empezaranse a facer pesadas regulares dos poldros e das nais, que se alimentarán de pasto herbáceo natural e sementado, entrando en diferentes parcelas de forma rotacional.

Realizaranse pesadas regulares cada mes para determinar a evolución do peso vivo dos poldros calculando a ganancia media diaria de peso vivo.

Os poldros destetaranse no mes de novembro, para que as bestas poidan recuperar máis facilmente a perda de condición corporal que supón a lactación.

O primeiro grupo de poldros, con 7 meses de idade aproximada, sacrificaranse no momento do destete, durante o mes de novembro. O segundo grupo de poldros será destetado separando os poldros das nais durante 1 mes, e xuntándoos posteriormente durante o inverno. Durante o inverno os animais recibirán un suplemento de penso e tratamento antiparasitario para manter a condición corporal.

O segundo grupo de poldros será sacrificado con 18 meses de idade, un ano máis tarde.

Unha vez sacrificados, tomaranse datos do canal no matadoiro.

Proporcionaranse, así mesmo, resultados sobres os parámetros reprodutivos do rabaño.

Deste ensaio poderanse extraer resultados fiables respecto da caracterización produtiva da tipoloxía máis frecuente de cabalos existentes en Galicia.

### 9.3.- Persoal encargado do desenvolvemento da actividade

1 Doutor enxeñeiro agrónomo

1 capataz agrario

1 oficial de primeira

**2 peóns agrarios especializados**

### 9.4.- Persoas ou entidades a quen vai dirixido

Gandeiros que estean interesados na produción de equino de carne en réximes semiextensivos.

Cooperativas de produtores de gando equino, asociacións.. (PURAGA, Monte Cabalar, Sabucedo, ...)

## 10.- PLAN E MEDIOS DE DIVULGACIÓN PREVISTOS

### Reunións:

Xornadas no Marco da Curra.

### Visitas:

Visitas á finca experimental Marco da Curra.

### Publicacións:

Publicación de resultados na páxina web do CIAM ([www.ciam.es](http://www.ciam.es)).

### Artigos de prensa:

### Programas de TV e/ou radio:



## 11.- DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES

11.1.- Data de realización (aproximada): ó longo de todo o ano 2020

11.2.- Duración da actividade:

Horas teóricas:

Horas prácticas (en talleres ou explotacións de colaboradores):

11.3.- Iniciativas de cooperación (nome dos colaboradores):

-Explotacións:

-

Empresas:

Entidades asociativas:

11.4.- Lugar de desenvolvemento (marcar cun X):

-Concello:

Zona desfavorecida

Zona de montaña

12.- TIPOLOXÍA DOS/AS DESTINATARIOS/AS (poñer número de asistentes)

<p><b>Agricultores/as activos/as, persoas dedicadas á actividade agraria con producións superiores ás de autoconsumo e dadas de alta no sistema de venda directa, persoal empregado no sector primario por conta allea ou persoas con solicitude de incorporación a través das submedidas 6.1 e 6.3.</b></p>	<b>Mulleres:</b>
	Homes:
	Total asistentes:
<p><b>Persoal contratado (ou con expectativa de contrato) por empresas que realicen traballos agrarios (agrícolas, gandeiros ou forestais) ou da industria agroalimentaria.</b></p>	<b>Mulleres:</b>
	Homes:
	Total asistentes:
<p><b>Persoas en idade laboral e menores de 60 anos con expectativa de incorporación ao sector primario ou á industria transformadora.</b></p>	<b>Mulleres:</b>
	Homes:
	Total asistentes:
<p><b>Proprietarios forestais socios dunha entidade de xestión en común da terra ou con expectativa de selo.</b></p>	<b>Mulleres:</b>
	Homes:
	Total asistentes: